



XIII CARREIRA POPULAR VOLTA A OZA

13 DE SETEMBRO DE 2026

REGULAMENTO ESPECÍFICO

ARTIGO 1. DATA DE REALIZACIÓN

Domingo, 13 de setembro de 2026.

ARTIGO 2. INSCRICIÓNS E COTAS

INSCRICIÓNS

Data límite e cota de inscrición na carreira:

A data límite será ata as 23.59 horas do **domingo 6 de setembro de 2026**.

As inscricións faranse en liña nas páxinas www.coruna.gal/carreiraspopulares ou www.corunacorre.com.

Participación no circuío e inscrición en cada unha das carreiras, segundo o indicado no **art. 4** do regulamento xeral do Circuíto de Carreiras Populares Coruña Corre 2026.

Poderán participar atletas populares e federados/as. A inscrición e confirmación efectuarase a través da web www.coruna.gal/carreraspopulares.

COTA DE INSCRICIÓNS, segundo o indicado no **art.5** do regulamento xeral do circuío de Carreiras Populares Coruña Corre 2026:



INSCRICIÓN AO CIRCUÍTO

Concepto	Maiores de 18 anos en xeral	Persoas desempregadas, +65 anos, familia numerosa e Carné Xove
Cota	15,00 €	10,00 €
Chip	15,00 € *	15,00€ *
Total	30,00 €	25,00 €

Inscripción (Cota e chip) para menores GRATUÍTA

**Chip circuítu: Os participantes que merquen o chip para a presente edición poderán devolvelo ao remate da última carreira e recuperarán a fianza de 5€*

A **cota de inscrición** para participar **ÚNICAMENTE** nesta **XIII CARREIRA POPULAR VOLTA A OZA** será de 5 € máis 3 € polo chip refugable (non reutilizable), coa excepción das persoas desempregadas, maiores de 65 anos, familias numerosas e beneficiarias do Carné Xove, que será de 3 € máis 3 € polo chip refugable.

INSCRICIÓN A CADA CARREIRA (DE FORMA INDEPENDENTE)

Concepto	Maiores de 18 anos en xeral	Persoas desempregadas, +65 anos, familia numerosa e Carné Xove
Cota	5,00 €	3,00 €
Chip refugable	3,00 €	3,00€
Total	8,00 € / carreira	6,00 € / carreira

Inscripción (Cota e chip) para menores GRATUÍTA



ARTIGO 3. HORARIOS DE SAÍDA E DISTANCIAS

HORA	CATEGORÍA		DISTANCIA
10.00	ABSOLUTA		6.250 m aprox.
11.00	ENTREGA DE PREMIOS – CATEGORÍA ABSOLUTA		
11.15	SUB 18*	Que cumpran 17 e 16 anos durante este ano.	2.430 m aprox.
11.30	SUB 16*	Que cumpran 15 e 14 anos durante este ano.	2.430 m aprox.
11.45	SUB 14*	Que cumpran 13 e 12 anos durante este ano.	1.650 m aprox.
12.00	SUB 12*	Que cumpran 11 e 10 anos durante este ano.	810 m aprox.
12.15	SUB 10*	Que cumpran 9 e 8 anos durante este ano.	810 m aprox.
12.30	PEQUES*	Que cumpran 7 anos ou menos durante este ano.	150 m aprox.
13.00	ENTREGA DE PREMIOS - CATEGORÍAS INFERIORES*		

*Horarios orientativos en función da participación.

ARTIGO 4. LUGAR E RECOLLIDA DE DORSAIS

LUGAR:

- Sábado 12 de setembro: Centro Comercial Cuatro Caminos

HORARIO:

- Desde as 11:00h a 20:30 h.



ARTIGO 5. LUGAR DE SAÍDA E META

- **Saída e Meta:** Parque de San Diego, próximo ao CDM San Diego
(Ver circuíto na páxina www.coruna.gal/carreiraspopulares.)

ARTIGO 6. PECHE DE CONTROL DA CARREIRA ABSOLUTA

Ás 11.00 horas.

ARTIGO 7. SERVIZO DE DUCHAS

Complexo Deportivo Municipal de San Diego. Horario: das 10:30 ás 13:00 h.

ARTIGO 8. SERVIZO DE GARDARROUPA

O día da carreira, de 9.30 ás 11.30h. no Complexo Deportivo Municipal de San Diego.

ARTIGO 9. USO E DEVOLUCIÓN DO CHIP

- a) O chip ten que ir correctamente atado nos cordóns das zapatillas deportivas ou cunha nocelleira á altura do nocello, ou pegado ao dorsal segundo o tipo de chip que utilice a persoa corredora. Chip amarelo das/os propietarias/os (non se devolve).
- b) Chip para todo o circuíto (non se devolve ata a finalización deste).
- c) Chip refugable pegado ao dorsal, de uso exclusivo para cada unha das carreiras (non se devolve).



ARTIGO 10. AVITUALLAMENTO NA META

Proporcionaráselles auga e avituallamento sólido a todas as persoas participantes en cada unha das categorías no punto de avituallamento que estará situado nun lugar visible despois da meta.

ARTIGO 11. CLASIFICACIÓN

Poderase consultar a clasificación da carreira a través do código QR do dorsal.

ARTIGO 12. LUGAR DE ENTREGA DE PREMIOS

ZONA DE SAIDA E META DA CARREIRA

Exclusivamente poderán subir ao podio os/as atletas premiados/as.

Con carácter xeral, as e os atletas que non se presenten á recollida do seu premio no momento da entrega perderán o dereito a recollelo.

Aquelas persoas que poidan alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega deberán poñerse en contacto co Servizo Municipal de Deportes, onde se custodiarán os trofeos non recolleitos durante un prazo máximo de 15 días.



ARTIGO.13.LOPD

Os datos por Vde. facilitados serán tratados polo CONCELLO DA CORUÑA, en calidade de Responsable do Tratamento, coa finalidade de xestionar a inscrición, o rexistro e o desenvolvemento das actividades deportivas, tanto individuais como colectivas, así como a xestión administrativa e contable do servizo de organización técnica do “Circuíto Coruña Corre 2026” na cidade da Coruña durante o ano 2026, incluíndo a recollida e difusión da imaxe dos participantes para a promoción do evento.

As bases xurídicas do tratamento son unha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, ou o consentimento.

Os datos poderán ser comunicados aos medios de comunicación e a través de Internet co seu consentimento para a difusión do “Circuíto Coruña Corre 2026”.

Vde. poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación do tratamento así como á portabilidade de datos, presentando un escrito no Rexistro de Entrada do Concello: Praza de María Pita, 1. 15001, A Coruña ou, na seguinte ligazón <https://www.coruna.gal/web/es/detalle/ejercicio-de-derechos-sobre-los-datos-de-caracter-personal/contenido/1453762232714>, no seu caso poderá poñerse tamén en contacto coa persoa Delegada de Protección de Datos delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal

Así mesmo, en caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Pode consultar a información adicional detallada sobre o tratamento dos seus datos na seguinte ligazón:

[www.coruna.gal/descarga/1453792615408/Rexistro_Actividades_Tratamento_Concello -
A Coruna v1 4.pdf](https://www.coruna.gal/descarga/1453792615408/Rexistro_Actividades_Tratamento_Concello_-_A_Coruna_v1_4.pdf)

MEDIOS DE CONTACTO E MÁIS INFORMACIÓN

- Servizo Municipal de Deportes (Palacio dos Deportes de Riazor, 1.º andar), de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas.
- Por correo electrónico no enderezo carreraspopulares@coruna.gal
- Teléfono de información: 981 189 800
- Web: www.coruna.gal/carreiraspopulares